| <ul style="list-style-type: none"><li>- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li><li>- Contexto</li><li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.</li><li>- Xéneros discursivos</li><li>- Elementos básicos de contido (tema, léxico).</li><li>- Interese pola ampliación de vocabulario básico.</li><li>- Procesos: interacción oral</li><li>- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.</li><li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.</li><li>- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.</li><li>- Procesos: comprensión oral</li><li>- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes.</li><li>- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.</li><li>- Procesos: produción oral</li><li>- Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.</li><li>- Procesos: comprensión lectora</li><li>- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.</li><li>- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.</li><li>- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.</li><li>- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.</li><li>- Procesos: produción escrita</li><li>- Adquisición progresiva da lectoescritura.</li><li>- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.</li><li>- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.</li><li>- Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.</li></ul> |

## Contidos

- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Creación de breves relatos e contos infantís en galego, a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 8  | Viaxando     | 20       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.  | Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.                        | TI | 100 |
| CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.  | Utiliza un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos. |    |     |
| CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.   | Reproduce adiviñas de xeito oral e con sentido.                            |    |     |
| CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa. | Respecta o turno de palabra e escoita con atención.                        |    |     |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.   | Atende nas intervencións dos demais sen interromper.  |    |   |
| CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.  | Le en voz alta textos sinxelos cunha velocidade axeitada a súa idade e con certa expresividade, identificando o sentido global do texto.                |    |   |
| CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.   | Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.   |    |   |
| CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.   | Emprega a rutina de pensamento, Vexo, penso e me pregunto, para deducir o contido do texto proposto.  |    |   |
| CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.  | Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e coma aprendizaxe das normas básicas de ortografía.  |    |   |
| CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. | Inicio na produción de textos escritos sinxelos con coherencia e coidando a presentación.   |    |   |
| CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.   | Iníciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e selección da información de distintos anuncios publicitarios. |    |   |
| CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.  | Expón a información recollida sobre un anuncio publicitario referente a lugares de destinos vacacionais.  |    |   |
| CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.  | Coñece o funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e colabora no seu coidado.   |    |   |
| CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas.  | Iníciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura de información.  |    |   |
| CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.  | Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese.   |    |   |
| CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.  | Participa nas lecturas compartidas propostas pola biblioteca do centro.   |    |   |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordos cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.  | Le textos literarios de diferentes autores e autoras en galego.                          |           |          |
| CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.   | Participa nas lecturas compartidas propostas pola biblioteca de aula, dando su opinión.  |           |          |
| CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartida.  | Participa nas actividades planificadas pola biblioteca do centro.                        |           |          |
| CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais. | Desfruta escoitando e lendo textos literarios de diferentes autores e autoras en galego. |           |          |
| CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.   | Interpreta adiviñas e pequenos trabalinguas traballados na aula.                         |           |          |
| CA6.2 - Producir en galego, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.  | Escribe adiviñanzas e refráns moi sinxelos con axuda de autoinstrucións                  |           |          |
| CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística, usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.  | Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstrucións traballadas.  |           |          |
| CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.   | Esfórzase por intentar mellorar o léxico galego nas producións orais e escritas.         |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario básico.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.</li> </ul> |

## Contidos

- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: comprensión oral
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios, e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral
- Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes sinxelas.
- Modelos explícitos para comunicar a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento de forma acompañada da autoría de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.

## Contidos

- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Creación de breves relatos e contos infantís en galego, a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Potenciarase coa axuda das outras materias impartidas en lingua galega, o uso na comunicación da lingua galega.

Liñas xerais:

- Respecto ao ritmo madurativo do alumnado.
- A aprendizaxe será significativa e motivadora cun papel activo do alumnado traballando por competencias.
- Metodoloxía activa, participativa e flexible.
- Os contidos serán progresivos e sumativos.
- Clima da aula: positivo e acoledor fomentando actitudes de respecto aos demais e ao material.
- Selección de recursos metodolóxicos en función do alumnado e as actividades a realizar.
- Actividades: introductorias, de desenvolvemento, de reforzo e ampliación, de avaliación.
- Extratexias: fomentaremos a actividade do alumnado, cun traballo eminentemente manipulativo, a través do xogo, ensinanza entre iguais (parellas, equipos e gran grupo), traballo da expresión e comprensión oral, traballo da expresión e comprensión escrita con atención a creatividade e formar lectores activos.
- Utilización de recursos TIC.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Manipulativos e material impreso: formación de palabras, xogos de cartas variados, dominós de palabras, formapalabras...   |
| Biblioteca de centro, de aula e por unidades didácticas de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais.                           |
| Recursos informáticos: ordenador de aula, pantalla dixital interactivo, tableta de clase, presentacións de google drive... |

|  |
|--|
| Material de elaboración propia manipulativo: lotos, bingos, cilindros de palabras, "Lendo cos animais", abecedarios, "Palabra do día", murais... |
| Caderno e fichas de presentación, reforzo, ampliación.   |
| Material funxible: cartolina, folios, ceras, plastilina...   |
| Distintos espazos do centro  |

Non utilizaremos libro de texto.

Durante o proceso utilizaremos os recursos necesarios para reforzar ou ampliar as unidades didácticas propostas. A distribución dos tempos e dos espazos será flexible.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Partirei de:

- Recollida de datos do informe individualizado de educación infantil.
- Entrevista coa titora de educación infantil e coa orientadora sobre o alumnado necesitado de reforzo.

Ao principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (exprésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado a súa idade...), lectura e comprensión lectora (identifica palabras escritas significativas e usuais, relaciona imaxe e texto, asocia grafías maiúsculas e minúsculas...), escritura (realiza correctamente os trazos propostos: pre-escritura).

Avaliaranse a través da observación diaria e recollida de datos: relacións, achegamento aos recursos, entendemento, instrucións, expresión e comprensión...

Avaliación individual de competencia lingüística: xogos e fichas: lateralidade, rotacismo, memoria visual, estrutura espacial, pre-escritura, recortado, suxeición lapis, trazo, memoria auditiva...

Compartiremos resultados que compartan as dúas linguas: castelá e galega.

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

A avaliación realizarase nas primeiras semanas de setembro.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica     | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/<br>Tipo Ins. | 10   | 12   | 12   | 12   | 13   | 13   | 14   | 14   | 100   |
| Táboa de indicadores  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100   |

### Criterios de cualificación:



A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos.

### Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno/a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno/a demostre que supera ditos contidos.
- A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- Para obter unha calificación positiva teranse en conta:

- O nivel de coñecementos.

- O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Cada alumno/a ten as súas peculiares características e os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno e nena e o seu ritmo de traballo.

Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e en outro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación é aberta e flexible.

De aquí que o docente, coñecendo o estado inicial do seu alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionará aquilo que mellor poida responder aos propósitos que persiga.

Os alumnos/as con calquera dificultade de aprendizaxe e/ou de pronuncia, terán a súa disposición as medidas de reforzo educativo máis axeitadas das que ofrece o Centro. Empregaranse materiais complementarios que reforcen os contidos a traballar. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar ao proceso educativo. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados. Contarase sempre co apoio do equipo de Orientación seguindo as súas pautas sobre as medidas a seguir en cada caso.

Tomaranse medidas ordinarias para previr, compensar e facilitar a superación das dificultades, adecuando tempos, espazos, materiais., contidos.. segundo as necesidades e con apoio de profesorado de reforzo. E se fose necesario adoptar medidas de adaptación curricular, farase. Así como potencias as necesidades de alumnado con altas capacidades.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|                            | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|----------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Emprendemento       |      |      |      | X    |      | X    | X    |      |
| ET.2 - Igualdade de xénero | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.3 - Educación para a paz  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible |      |      | X    |      | X    |      |      | X    |
| ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)                        | X    | X    | X    |      |      |      |      |      |
| ET.6 - Educación emocional e de valores                                  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade     | Descrición                        | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------|-----------------------------------|----------|----------|----------|
| Saida Cultural | Visita a un hipermercado          | X        |          |          |
| Saida Cultural | Visita teatro Afundación: Musical | X        |          |          |
| Obradoiro      | Horto escolar                     | X        | X        | X        |
| Obradoiro      | Medicións estación meteorolóxica  | X        | X        | X        |

### Observacións:

Estableceranse unha serie de criterios para a selección e elección destas actividades encuadrándose dentro da seguinte tipoloxía:

- Actividades culturais dentro e fóra do Centro, segundo sexa a oferta e a necesidade. As actividades de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais están moi relacionadas ao ser a lingua vehicular o galego polo que tamén son complementarias para a aprendizaxe da lingua galega. Estamos pendentes da realización de máis actividades aínda non confirmadas.
- Actividades promovidas desde o equipo de Biblioteca: actividades nos recreos na biblioteca, bibliopatio... e eventos especiais en datas significativas.
- Actividades promovidas desde o equipo de Dinamización Lingüística: Samaín, O Apalpador, "Rosalía viaxeira", Maios, contacontos, Letras galegas, concurso logo de Dinamización, visita de autor/a de literatura en galego...

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado   |
| Metodoloxía empregada  |
| Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinabilidade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interés para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa... |

|   |
|---|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos  |
| Regulación da práctica docente: grao de seguimento dos alumnos/as, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores...  |
| Medidas de atención á diversidade   |
| Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos...   |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais  |
| Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos/as e as familias... |

### Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe farase ao longo do curso, recollendo sistemáticamente información relevante co obxecto de reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxe reais do alumnado, introducindo os cambios e melloras que sexan necesarios.

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas autoavaliación e avaliación alumnado, táboa de control que recolle: motivación inicial e ao longo do proceso, presentación de contidos, actividades na aula, recursos e organización da aula, instrucións, orientacións ás tarefas do alumnado, clima da aula, seguimento/control do proceso e ensinanza aprendizaxe, avaliación; a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros. A avaliación da programación e da actividade docente recollerá sistemáticamente información relevante, con obxectivo de reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado; introducindo os cambios e melloras que, no día a día, necesitemos introducir.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente.

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación; ademais da táboa mencionada no punto anterior. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## 9. Outros apartados